

GUÍA DOCENTE DE **FONÉTICA APLICADA AO CANTO**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: <i>FONÉTICA APLICADA AO CANTO</i>										
ESPECIALIDADE	Dirección				ITINERARIO				-----	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					2				Observacións:	
									Canto	
									1 h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo prosódico do texto aplicado aos principais idiomas do repertorio coral e a súa influencia no xesto da dirección. Coñecemento da fonética dos principais idiomas empregados no canto.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Sen requisitos previos
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	O estudo dos idiomas máis habituais do repertorio sinfónico-coral e operístico entronca con outras materias fundamentais nestes estudos, como "Dirección de Coro", "Canto aplicado" ou "Formación e Adestramento auditivo e vocal" A disciplina "Fonética aplicada ao Canto" debe capacitar ao alumnado de Dirección para coñecer e comprender os idiomas dos textos do repertorio coral e lírico, sendo quen de comunicar cos xestos directivos, as ideas poético-musicais co mellor sentido prosódico e expresivo.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X8, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED2, ED11
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Pronunciar perfectamente os textos cantados nos principais idiomas do repertorio coral e vocal.	T2, T3, T6, X3, X8, ED2
Coñecer os aspectos prosódicos, fonolóxicos e fonéticos propios de cada un dos idiomas.	T1, T2, T6, X8, X24, ED2
Coñecer a música vocal e coral, e poder comprender o sentido expresivo dos seus textos, a través da análise prosódica dos seus textos poéticos e dramáticos.	T1, T2, T3, T6, X8, X24, ED2
Desenvolver os recursos que lle permitan aplicar na dirección os coñecementos de fonética e prosodia particulares dos principais idiomas do repertorio coral e vocal.	T1, T2, T3, T6, X3, X8, X24, ED2, ED11

4. CONTIDOS
1-Fonética aplicada e transcrición dos principais idiomas do repertorio coral e vocal.
2-Articulación e Dicción dos idiomas. Lectura fluída
3- Comprensión dos textos poéticos, sacros e teatrais do repertorio.
4- Repertorio coral, sinfónico-coral e operístico. Coñecemento do Repertorio específico de cada un dos principais idiomas.
5- Metodoloxía de traballo autónomo. Prácticas de transcrición e lectura.



**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases Prácticas (Exposición teórico-práctica, para introducir os aspectos teóricos e prácticos aplicables no repertorio a estudar)	Presencial	Permanente
Tutorías (atención particular aos alumnos/as)	Non presencial	Esporádica
Traballo Persoal (Tempo de estudo individual do alumno)	Non presencial	Permanente

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuatrimestre correspondente.

\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.